

Judith Jarvis Thomson



Judith Jarvis Thomson (1929–2020) foi unha influente **filósofa moral e metafísica estadounidense**, recoñecida polos seus innovadores **experimentos mentais** que redefiniron o debate ético contemporáneo.

Thomson foi unha das poucas mulleres que irromperon na filosofía académica de mediados do século XX, exercendo como mentora e inspiración para xeracións de filósofas. Membro da *American Academy of Arts and Sciences* e *Fellow da British Academy*, recibiu doutorados *honoris causa* de Cambridge (2015) e Harvard (2016).

O seu estilo —claridade rigorosa, imaxinación fértil e compromiso coa precisión argumentativa— converteuna nunha figura de referencia e nun modelo de integridade intelectual propuxo o soado *experimento do violinista*, unha analogía que desafia a idea de que o dereito á vida do feto implique unha obriga moral de mantelo con vida. Con iso reformulou o debate ético ao redor da autonomía corporal.

Experimento do violinista

Espértaste un día e descubres que estás conectado a un violinista famoso que necesita o teu corpo para sobrevivir.

Un grupo de expertos secuestroute porque es o único compatible.

O violinista sofre unha enfermidade renal grave, e os teus riles están a filtrar o seu sangue.

Se te desconectas, el morrerá.

Pero se permaneces conectado durante 9 meses, o violinista recuperarase e poderá sobrevivir por si mesmo.



- 1.- Estás moralmente obrigado a permanecer conectado?
- 2.- É aplicable isto aos embarazos non desexados?

No seu ensaio "Killing, Letting Die, and the Trolley Problem" (1976) e posteriores versións, Thomson desenvolveu unha das ferramentas conceptuais máis perdurables da ética contemporánea: o "problema do tranvía".

O problema do tranvía

"Un tranvía fóra de control diríxese cara a cinco persoas atadas á vía. Ti estás onda unha panca que pode desviar o tranvía a outra vía, onde hai unha soa persoa."

Se non fas nada → morren 5

Se actúas → morre 1



Responde as seguintes preguntas

- 1.- Que farías?
- 2.- Agora que xa escolliches que facer: Que tipo de acción sería segundo Kant? *Por deber?*, *contraria ao deber?* *Ou conforme ao deber?*
- 3.- Cres que é o mesmo deixar morrer que matar?
- 4.- Somos realmente racionais ao decidir?